



II Premio Internacional  
**COMPOSTELA**  
para álbums ilustrados



**kalandraka**

## **FELIPE UGALDE VIAXA POR PRIMEIRA VEZ A GALICIA PARA RECOLLER O II PREMIO COMPOSTELA POLA OBRA TITULADA "UN GRAN SOÑO"**

**Do libro galardoado publicáronse 20.000 exemplares en sete linguas e a partir do próximo ano a edición ampliarase a portugués brasileiro e francés**

O autor e ilustrador Felipe Ugalde (México, 1962) vén de recoller en Santiago o II Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, cunha dotación económica de 12.000 euros, pola obra titulada "Un gran soño". Na súa primeira viaxe a Galicia, Ugalde tamén mantivo un encontro con alumnos e alumnas de Bacharelato Artístico do IES de Sar, cos que compartiu a súa experiencia na creación deste traballo.

"Un gran soño" foi un dos 280 proxectos procedentes de 22 países que se presentaron a este certame, organizado polo Departamento de Educación do Concello de Santiago e Kalandraka Editora. Ao acto institucional, encabezado polo alcalde, Xosé Sanchez Bugallo, asistiron a concelleira de Educación, Mercedes Rosón, o director de Kalandraka, Xosé Ballesteros, o ilustrador e xurado do Premio, Xosé Cobas, membros da Corporación Municipal de Santiago e persoeiros vencellados aos eidos da cultura e da docencia en Galicia.

Para esta obra evocadora da Mitoloxía maia, do Universo e do Camiño de Santiago, a portada incorpora elementos fosforescentes que brillan na escuridade e os lectores infantís poden xogar a crear constelacións coas estrelas adhesivas que inclúe o libro nunha lámina anexa.

O II Premio Internacional Compostela destaca pola súa riqueza visual, a perfección técnica e o calado da súa mensaxe, accesible para todos os públicos. A edición completa consta de 20.000 exemplares en sete linguas: galego, castelán, catalán, euskera, portugués, inglés e italiano, ás que se suma unha oitava versión en español para o mercado mexicano.

O director de Kalandraka anunciou que, a partir de 2010, tanto as obras gañadoras nas dúas primeiras convocatorias -"Cerca", da arxentina Natalia Colombo, e "Un gran soño", de Felipe Ugalde- como os traballos vencedores nas edicións sucesivas do Premio Compostela, publicaranse a maiores en Francia e en Brasil: "Eis a mostra de que tamén nós, dende Galicia, queremos e podemos producir obras que crucen fronteiras lingüísticas para compartir soños", sinalou Xosé Ballesteros na súa intervención.

O libro de Felipe Ugalde presentárase no mes de novembro na 33ª Feira Internacional do Libro de Guadalajara (México), e posteriormente nas de Boloña, Bos Aires, Beijing, Tokio e Frankfurt, co obxectivo de estender os dereitos de publicación a outras linguas. É o caso de "Cerca", que vai ser publicado en Canadá, Estados Unidos e Corea por editores deses países.

Ademais, o III Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado convocarase en próximas datas. As bases poderanse consultar nas páxinas web do Concello de Santiago e de Kalandraka.

